

Luz Méndez Fernández (1997): «Esbozo dunha proposta de adaptación ó galego de topónimos de linguas con alfabeto distinto ó latino», en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Oxford: Centre for Galician Studies, vol. 1, pp. 221-238.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ESBOZO DUNHA PROPOSTA DE ADAPTACIÓN Ó GALEGO DE TOPÓNIMOS DE LINGUAS CON ALFABETO DISTINTO Ó LATINO

LUZ MÉNDEZ FERNÁNDEZ
(*Televisión de Galicia*)

1. INTRODUCCIÓN: SOBRE A TOPONIMIA E SOBRE OS SEUS PROBLEMAS PARTICULARES

A toponimia é un problema fundamental á hora de establece-lo corpus do galego estándar. E non só a toponimia propia, tempo atrás moi castelanizada e hoxe en vías de recuperación, senón tamén topónimos estranxeiros de uso moi frecuente pola proximidade ou a importancia que eses lugares adquiren, xa que xeran información día a día. Son, estes últimos, topónimos que deberían ter unha tradición galega propia, pero que todos coñecemos e aprendemos desde o seu nome castelán, cando non desde formas con grafías adaptadas á fonética inglesa ou francesa.

Moitos son os que cren que a toponimia allea se debe respectar como a nós nos gusta que se respecte a nosa, e botan as mans á cabeza por Guadalaxara ou por Xirona. Non é un tema no que vaiamos entrar, pero cómpre pensar un pouco en cando se di Londres ou Francia, no canto de *London* ou *France*. Ós ingleses e ós franceses dálles igual como nós lles chamemos, pero é que tampouco ninguén lles vai ir discuti-las formas galegas como nomes oficiais dos seus países. Vén aquí a conto que, nunha época en que o galego vivía unha situación «normal» e ata tiña prestixio, producíanse textos coma os seguintes.

D. Affonso de *Castela*,
de *Toledo*, de *Leon*
Rey e ben des *Compostela*
ta o reyno d' *Aragon*,

De *Cordova*, de *Jahen*,
de *Sevilla* outrossi,
e de *Murça*, u gran ben
Ile fez Deus, com' aprendi,
Do *Algarve*, que gãou
de mouros e nossa ffe
meteu y, e ar pobrou
Badallouz, que reyno é
Muit' antigu', e que tolleu
a mouros *Nevl'* e *Xerez*,
Beger, *Medina* prendeu
e *Alcala* d' outra vez,/ (...) ¹

Outra cuestión de importancia e que aínda está sen establecer máis ca nalgúns casos é a utilización do artigo con nomes de lugar. E non me refiro só á toponimia galega, fundamentalmente a menor, senón máis particularmente ós topónimos doutros países. A *Gramática Galega* de Álvarez et alii (1986: 147) cita algúns exemplos de nomes de países que se deben usar con artigo, pero son poucos e algúns tal vez cuestionables como «A Alemania». Por outra banda, a maioría son lugares tradicionais de emigración e polo tanto, o artigo pode implicar un certo ton de familiaridade, e isto levaríanos ó tema dos rexistros. Pero tampouco aquí se pretende tratar iso.

O problema que se quere expoñer é, en teoría, de solución máis rápida. Consiste, a grandes trazos, en propoñer unhas regras sinxelas e básicas para a transcripción dos principais alfabetos distintos ó latino, que nos poidan permitir adaptar ó galego os topónimos dos países que usan tales alfabetos. Con esta proposta preténdese presentar unha rápida solución a grandes grupos de nomes de países e localidades que cada día adquiren maior relevancia e, polo tanto, maior presenza nos medios de comunicación e nos libros de texto e, en consecuencia, maior difusión. A nova Comunidade de Estados Independentes, os países árabes, China e Xapón son mundos cada día máis próximos a nós e habémonos ter que referir ós seus lugares e á súa xente cada vez con máis frecuencia. E para iso cónpremos un sistema PROPIO para adapta-los seus alfabetos.

¹ Alfonso X, *Cantigas de Santa María*, Edición de Walter Mettman, Editorial Castalia, Col. Clásicos Castalia, 2 vols., Madrid, 1986, p. 53, vol. I.

2. O PROCESO DE TRABAJO: CUESTIÓNS PREVIAS

Hai dúas cuestións previas que nos debemos preguntar antes do comezo: ¿Tódolos topónimos estranxeiros deben ter unha forma galega? ¿Como inflúen as linguas de orixe na adaptación dos topónimos?

En relación á primeira pregunta observamos que unha serie de topónimos ten unha forma moi similar nas linguas máis próximas á nosa, aínda que algo afastada da súa lingua orixinal. Hai un momento en que tódalas linguas adaptan tódolos topónimos que se van coñecendo doutras linguas, e proba diso témola nas xa mencionadas *Cantigas de Santa María* ².

Pero tamén parece evidente que logo só mantiveron unha forma adaptada os nomes de lugares que pola súa preeminencia física ou social fixeron que a súa mención fose habitual. Estes topónimos convertéronse en algo así como «patrimoniais» nas respectivas linguas. Despois estarían os «non patrimoniais», nomes de lugar que só a historia máis recente, e por diferentes razóns, nolos fixo coñecidos. A grandes trazos podemos afirmar que dentro do primeiro grupo entran os nomes dos países, as súas capitais, os accidentes xeográficos moi destacados e as cidades importantes.

Con respecto á segunda pregunta, isto é, cómo inflúen as linguas de orixe na adaptación dos topónimos, abonda con ver un listado cunha serie de nomes de lugar de diferentes países para comprobar que mentres algúns se len con facilidade e ata se pode comprende-lo seu significado, doutros só se recoñecen as súas letras e pódense ler ou non dependendo dos nosos coñecementos do idioma e outros son inintelixibles para a maioría: *Brión*, *O Castro*, *Majadahonda*, *Zaragoza*, *Washington*, *New Jersey*, *Mockба* (*Moscova*), *Рига* (*Riga*), *الْبَغْدَاد* (*Iraq*), *تُونِس* (*Tunicia*).

Sobre os topónimos de alfabeto distinto ó noso, ó latino, é sobre os que se vai traballar aquí. E o proceso é en principio simple: adapta-las grafías dos alfabetos alleos ás nosas como fan tódalas linguas. Pero ¿que sabemos dos alfabetos?

Nunha ollada á voz *alfabeto* de calquera enciclopedia, obsérvase o seguinte:

Os alfabetos son unha serie de signos convencionais que representan, separadamente, os sons básicos dun idioma. A primeira forma de escritura utilizaba debuxos para transmiti-las ideas (os *xeroglíficos* exipcios, por exemplo). Os debuxos reemprazáronse logo por símbolos que representaban obxectos e ideas (os *ideogramas*). Posteriormente, algúns destes símbolos que representaban palabras pronunciadas nunha única emisión de voz (monosilábicas), combináronse con outros símbolos perdendo o seu significado e adquirindo outro novo de conxunto.

² Véxase como exemplo as cantigas 38 e 41 da edición citada.

O primeiro alfabeto que existiu só ten arredor de 2.000 anos e inventouno un pobo semita ó utilizar 22 ideogramas exipcios para representar sonidos illados da súa linguaxe (*fonogramas*). Este era o alfabeto dos fenicios. Cando os gregos adoptaron e adaptaron o alfabeto semítico para representa-los sonidos do seu idioma, introduciron tamén o emprego dos fonogramas correspondentes ás vocais, que ata entón só se empregaban para indicar referencias gramaticais.

Tódolos alfabetos existentes proceden do semítico ou do grego. Do alfabeto grego derivou o romano e aquel tamén é o predecesor inmediato da maior parte dos alfabetos utilizados polos idiomas europeos, o cirílico, por exemplo, utilizado na antiga URSS e noutros países eslavos. O alfabeto semítico é a base do hebreo moderno, do árabe e de boa parte dos alfabetos asiáticos.

O chinés é un exemplo vivo da linguaxe ideográfica e a escritura non garda ningunha relación cos sons pronunciados. O xaponés, que tomou os seus caracteres do chinés, posúe un alfabeto silábico.

Os 23 caracteres do alfabeto latino só se lle engadiron ata a actualidade 3 máis. O iota (*j*), que nun principio se representou como *i*; o uve (*v*), que foi antes un *u*; e o uve dobre (*w*), unha necesidade das linguas xermánicas para representar un son inexistente nos idiomas románicos.

O último alfabeto en se inventar foi o AFI, que se ideou para representar cada sonido simple cun símbolo simple.

Os alfabetos que aquí se van intentar transcribir son: o cirílico (utilizado no ruso e no serbio), o árabe, o chinés, o xaponés e o grego moderno. A primeira cuestión que se presenta ó se enfrontar un ós alfabetos é se debemos adaptar grafías ou fonemas.

Se observamos topónimos de linguas de alfabeto latino, por exemplo o español *Andalucía*, vemos que o seu resultado nas distintas linguas non é meramente unha adaptación de grafemas, pois tódalas linguas máis próximas o adaptaron tamén máis ou menos á súa fonética. Así, en francés é *Andalousie*, en inglés *Andalusia* e en portugués *Andaluzia*. Isto é aínda máis evidente se escollemos un topónimo, por exemplo, do ruso, é dicir, unha lingua con outro alfabeto. As letras *er* e *es* do ruso escríbense coma os nosos P e C pero fan referencia a sons totalmente distintos, son o ERRE e o ESE. Se transcribimos só atendendo ás grafías a capital de Letonia, Riga, converteríase en *Piga, e a capital de Bielorrusia, Minsk, en *Minck.

Polo tanto parece evidente que non podemos esquecer que detrás da grafía está o fonema que representa. ¿Que sucede, sen embargo, se non témo-lo fonema pero si a grafía ou non témo-lo fonema nin a grafía?

O primeiro dos casos é por exemplo, o do Б ruso, [v]. A solución é aproveita-la nosa grafía V, que á vez representou historicamente este son na lingua.

Na segunda das cuestións, o problema complicase máis. É, por exemplo, o caso do fonema fricativo, prepalatal, sonoro do ruso (Ж /џ/). En galego non temos ese fonema e tampouco un grafema que o represente. Para representa-lo mesmo son do inglés ou o francés, tomamos prestada a grafía xeral común a estas linguas para o fonema, o J (o iota). Pero ¿é pertinente facer aquí o mesmo? Ó se-la mesma grafía que utilizamos cando escribimos un nome español, aínda que represente outro fonema, ¿non crearemos confusión? ¿Como se lerá *Tajikistán*, [taʒikistán] ou [taxikistán]? Está claro que nos convén escoller outra grafía, e a solución máis coherente é colle-la que representa ó noso fonema máis próximo, para así pronuncia-la palabra o máis parecido posible con respecto á lingua orixinal. A solución que se propón é, polo tanto, *Taxiquistán*.

Á vista do dito, antes de pasar á exposición da proposta de transcripción dos alfabetos, debemos ter en conta de que grafías dispoñemos en galego. Seguindo a *Gramática Galega* (Álvarez 1994: 11-15) debemos ter en conta as seguintes consideracións:

- Non hai equivalencia total entre fonemas e letras na nosa lingua.
- Algúns fonemas necesitan dúas letras para a súa representación (dígrafos: nh, ll, rr, ch, qu, gu), aínda que non é un problema idéntico en tódolos casos. CH e LL sempre se representan así, pero NH, RR, QU ou GU son grafías condicionadas.
- Algúns fonemas teñen máis de unha representación gráfica. Este é o caso do fonema oclusivo bilabial sonoro /b/ que se representa V ou B dependendo da etimoloxía ou o caso do fonema fricativo interdental xordo /θ/, que se representa C ou Z, dependendo da vocal que o siga.
- Dous fonemas poden te-la mesma representación gráfica: /ɾ/ e /r/, o primeiro en interior de palabra e o segundo ó inicio. Ou, máis claramente /e/ pechado e /ɛ/ aberto, representados sempre coa mesma grafía.
- Algún grafema non representa ningún sonido: o H, ou o U que precede ó Q, logo de E, I.
- Finalmente, considéranse no noso alfabeto algunhas letras que só se utilizan para transcribir nomes ou palabras estranxeiras: J (*João de Barros*); K (*Makárenko*); W (*cow-boy*); y (*Yankee*); Ç (*Curaçao*). E por veces as grafías dun nome estranxeiro incorpóranse á nosa lingua en palabras derivadas de tal nome: *wagneriano*.

De aquí podemos concluír:

- Dispoñemos de 23 letras e 6 dígrafos.
- De 5 grafemas alleos.

- A posibilidade de que un grafema represente dous fonemas.
- A posibilidade de que dous grafemas representen o mesmo fonema.

A seguir, preséntanse unhas táboas cos distintos alfabetos que se pretenden transcribir, coas correspondencias en inglés, francés e castelán e a proposta para o galego, cando é pertinente. A razón de incluír estouttras linguas é clara: é a través delas como imos coñecer-los topónimos que queiramos transcribir.

3. PROPOSTAS DE TRANSCRICIÓN

3.1. TRANSCRICIÓN DO ALFABETO CIRÍLICO RUSO

O moderno alfabeto ruso é unha simplificación do cirílico e emprégase tamén en búlgaro, ucranío, bielorruso e multitude de alfabetos de linguas que se falan na antiga URSS. Tamén é a base do serbio.

RUSO	INGLÉS	FRANCÉS	ESPAÑOL	GALEGO
	a	a	a	a
Б	b	b	b	b
В	v	v	v	v
Г	g/gh	g/gh	g/gu	g/gu
Д	d	d	d	d
Е	e,ye	e	e/ye	ie
Ж	zh	dj	y	x
З	z/s	z/s	s/z	s ³
И	i/ee/y	i/y	i	i
Й	i,y	i/y	i/y	i

3 Corresponde a un s sonoro. Escribir z levaríanos a pronuncia-la interdental.

(Continuación)

RUSO	INGLÉS	FRANCÉS	ESPAÑOL	GALEGO
К	k	k	k	c/qu ⁴
Л	l	l	l	l
М	m	m	m	m
Н	n	n	n	n
О	o	o	o	o
П	p	p	p	p
Р	r	r	r	r
С	s	s/ss	s	s
Т	t	t	t	t
У	u/oo/o	ou	u	u
Ф	f	f	f	f
Х	kh/x	kh	j	gh ⁵
Ц	ts,c	ts	ts	ts
Ч	ch,c	tch	ch	ch
Ш	sh, s	ch	sh	x
Щ	shch, sc	cht	sht	xch
Ы	y/ee	i/y	i/y	i
Э	e	e	e	e
Ю	yu	iou/you	iu/yu	iu
Я	yd	ia	ia	ia

4 Propóñense as grafías C/Qu que son as nosas para o fonema. Este sería o resultado para o nome das antigas repúblicas soviéticas: UCRAÍNA, LITUANIA, MOLDAVIA, LETONIA, ARMENIA, ESTONIA, USBEQUISTÁN, CASAGHISTAN (KASAGHISTÁN), TADXIQUISTÁN, TURCMENISTÁN (TURKMENISTÁN), QUIRQUISTÁN (KIRQUISTÁN), BIELORRUSIA, XEORXIA e ASERBAIXÁN. A estrañeza que producen algúns nomes, leva a ter en consideración o mantemento da grafía K ó inicio de palabra e ó final de sílaba ou palabra.

5 Proponse a utilización de GH porque: 1. É a grafía utilizada habitualmente para representar o son galego máis próximo ó que se transcribe. 2. É unha grafía facilmente divulgábel a través da

3.2. TRANSCRICIÓN DOS ALFABETOS SERBIO E CROATA ⁶

O serbio e o croata pertencen ó grupo meridional de linguas eslavas. Serbios e croatas utilizan dous alfabetos distintos a causa dunha división eclesiástica. O alfabeto cirílico úsase na parte oriental da Antiga Iugoslavia, o latino emprégase na parte máis occidental. Serbio e croata son dúas linguas moi similares pero, á parte das diferencias alfabéticas, existen diferencias lexicolóxicas e mesmo gramaticais.

SERBIO	CROATA	VALOR FONÉTICO	GALEGO
А	A	[a]	a
Б	B	[b]	b
В	V	[v]	v
Г	G	[g]	g
Д	D	[d]	d
Ђ	Dj, Đ	[dʒ]	x
Е	E	[e]	e
Ж	Ž	[ʒ]	x
З	Z	[z]	c/z
И	I	[i]	i
Ј	J	[j]	i
К	K	[k]	c/qu/k
Л	L	[l]	l
Љ	Lj	[λ]	ll
М	M	[m]	m
Н	N	[n]	n
Њ	Nj	[ɲ]	ñ
О	O	[o]	o

escola. 3. En galego non é inusual a utilización dun dígrafo para represenar un son. 4. A utilización dunha grafía allea á nosa lingua (KH ou J) vai crear confusión á hora da lectura, como xa a creou noutras linguas: esp. *kan* (< turc. *jân* [xan]); port. *Chekhov* (pronunciado [tʃe'xof] no canto de [tʃe'xof]).

6 A proposta de transcripción é para o serbio, que é a lingua con alfabeto distinto. En calquera caso a nós chégannos os topónimos a través do croata, de alfabeto latino. A proposta só afectaría logo ós lugares de máis importancia, isto é, ós máis susceptibles de modificación polo uso: *Saraievo* non **Sarajevo*.

(Continuación)

SERBIO	CROATA	VALOR FONÉTICO	GALEGO
П	P	[p]	p
Р	R	[r]	r
С	S	[s]	s
Т	T	[t]	t
Ђ	Ć	[ts], [tʃ]	ch
У	U	[u]	u
Ф	F	[f]	f
Х	H	[x]	gh
Ц	C	[ts]	ts
Ч	Č	[tʃ]	ch
Љ	Dž	[d]	x
Ш	Š	[ʃ]	x

3.3. TRANSCRICIÓN DO ALFABETO ÁRABE

A escritura arábica é, despois da latina, a de maior difusión do mundo. Non hai diferencias fundamentais entre o árabe manuscrito e o impreso e como case tódalas escrituras semíticas, lese de dereita á esquerda. Normalmente, en árabe non se escriben as vocais. As letras do alfabeto vense modificadas segundo vaian escritas illadas, unidas a outra pola esquerda, pola dereita ou por ámbolos lados.

ÁRABE	INGLÉS	FRANCÉS	ESPAÑOL	GALEGO
ا	a	a	a	a
ب	b	b	b	b
ت	t	t	t	t
ث	th	th	z	z
ج	j	dj/g	y/ch	x

(Continuación)

ÁRABE	INGLÉS	FRANCÉS	ESPAÑOL	GALEGO
ح	h	h	h	gh ⁷
خ	kh	kh	j	gh ⁷
د	d	d	d	d ⁸
ذ	th	d/z	z	d ⁸
ر	r	r	r	r
ز	z	z	z/s	s ⁹
س	s	s	s	s
ش	sh	sh	sch/sh/ch	x
ص	s	s	s	s
ض	d/dh	dh	d	d
ط	t	t	t	t
ظ	z	th	z	z
غ	gh	gh	g/gu	g/gu
ف	f	f	f	f
ق	q	k	q	q ¹⁰
ك	k	k	k	k ¹¹
ل	l	l	l	l

7 Véxase a nota 5 ó alfabeto ruso.

8 Esta é a grafía que representa o son máis próximo a este do árabe.

9 Corresponde a un s sonoro. Escribir z levaríanos a pronuncia-la interdental.

10 Con esta grafía quérese representa-la oclusiva posvelar xorda do árabe, e distinguila do k (oclusiva, velar, xorda). O español tamén fai a distinción, aínda que ten conflitos (Qatar, non Katar, recoméndase no *Manual de Español Urxente* (EFE: 87). Mantémo-la distinción como fai o inglés e intenta facer o español).

11 Proponse adapta-lo fonema á nosa lingua, aínda que se debe ter en conta que a grafía K ten tamén certa tradición no galego.

(Continuación)

ÁRABE	INGLÉS	FRANCÉS	ESPAÑOL	GALEGO
م	m	m	m	m
ن	n	n	n	n
ه	h	h	h	gh ¹²
و	w	w/o	u	u
ي	y/ee	y	y/i	i

3.4. TRANSCRICIÓN DO ALFABETO GREGO

O grego moderno mantén as 24 letras do grego clásico aínda que variou a súa pronuncia. Ata o século IX só se utilizaban as maiúsculas.

GREGO	A.F.I.	INGLÉS	FRANCÉS	ESPAÑOL	GALEGO
α	[a]	a	a	a	a
β	[v]	v	v	v	v
γ	[g]	g	g	g	g/gu
δ	[d]	d	d	d	d
ε	[e]	e	e	e	e
ζ	[z]	z	z	s	s
η	[e]	e	e	e	e

12 Véxase a nota 8 ó alfabeto árabe.

(Continuación)

GREGO	A.F.I.	INGLÉS	FRANCÉS	ESPAÑOL	GALEGO
ϕ	[θ]	th	th	c/z	c/z
ι	[i]	i	i	i	i
κ	[k]	k	k	k/c/qu	k/c/qu
λ	[l]	l	l	l	l
μ	[m]	m	m	m	m
ν	[n]	n	n	n	n
ξ	[ks]	x	x	x	x
ο	[o]	o	o	o	o
π	[p]	p	p	p	p
ρ	[p]	r/rh	r	r/rr	r/rr ¹³
σ	[s]	s	s	s	s
τ	[t]	t	t	t	t
υ	[i]	u/y	u	u/y	u/i
φ	[f]	ph	ph	f	f
χ	[x]	kh/ch	kh	j	g/h
ψ	[ps]	ps	ps	ps	ps
ω	[o]	o	o	o	o

13 O r artículase colocando a lingua na mesma posición que para pronuncia-lo / pero sen tocala enxiva.

3.5. TRANSCRICIÓN DO ALFABETO CHINÉS

A escritura chinesa é ideográfica; os caracteres representan ideas. É, en liñas xerais, un sistema baseado en tres procedementos:

- Os ideogramas, que representan esquematicamente os seres e os obxectos.
- Os radicais, que serven para clasificar a palabra dentro dunha categoría (os nomes de peixe levan o radical da palabra peixe).
- Compostos de dous ou tres caracteres para expresar ideas abstractas, por exemplo, *ming* 'claro', que se representa cos caracteres de sol e lúa.

É unha lingua monosilábica e os monosílabos chineses veñen sendo uns catrocentos. Realmente os sons separados son 62, como se pode observar no cadro, entre iniciais e finais, pero 11 dos finais úsanse independentemente para formar palabras. Por outra parte, o chinés utiliza tons para diferenciar palabras homófonas —son 5 os tons na Lingua Nacional, aínda que o quinto tende a desaparecer. Así e todo, os tons varían moito dunhas rexións a outras.

A anarquía na transcripción dos caracteres chineses a alfabeto latino é moita. Xeralmente cada lingua utiliza unha transcripción distinta. O sistema creado por Thomas Wade é o máis estendido. En 1958 o goberno chinés aprobou un sistema en letras latinas para transcribi-los seus caracteres: o *pinyin*. Aínda que se demostrou a súa utilidade (Peryaube 1975: 75), o pinyin tivo moitos detractores e non se divulgou abondo, nin na propia China nin no exterior. Por outra banda hai topónimos e nomes de persoa tan estendidos no sistema Wade, que é moi difícil facelos callar en pinyin. É o caso de *Pequín* ou *Mao Tse-tung*, que se usan moito máis ca *Beijing* ou *Mao Zedong*, a súa forma en pinyin.

Con respecto a esta lingua non se presentan máis cós sistemas mencionados Wade e Pinyin e a súa transcripción fonética dos 62 sons monosilábicos.

WADE	PINYÍN	VALOR FONÉTICO
Iniciais	Iniciais	Iniciais
ch	j	[dʒ]
ch'	ch	[tʃ]
f	f	[f]
h	h	[h]

(Continuación)

WADE	PINYÍN	VALOR FONÉTICO
Iniciais	Iniciais	Iniciais
hs	x	[ʃ]
j	r	[ɹ], [i]
k	g	[g]
k'	k	[k]
l	l	[l]
m	m	[m]
n	n	[n]
p'	p	[p]
s	s	[s]
sh	sh	[s], [ʃ]
ss	s	[s] silbante
t	d	[d]
t'	t	[t]
ts	z	[ds]
ts'	c	[ts]
tz	zh	[dz]
tz'	q	[tz]
w	u	[u]
y	i	[i]

WADE	PINYÍN	VALOR FONÉTICO
Finais	Finais	Finais
a	a	[a]
ai	ai	[ai]
an	an	[an]
ang	ang	[ang]
ao	au	[ao]
ê	e	[e]
ei	ei	[ei]
ên	en	[en]
êng	eng	[eng]
i	i	[i]
ia	ia	[ia]
iai	ia	[iai]
iang	iang	[iang]
iao	iau	[iao]
ieh	ie	[ie]
ien	ian	[ien]
ih	y	[i]
in	in	[in]
ing	ing	[ing]
io	io	[io]
iu	iou	[iu]
iung	iong	[iong]

(Continuación)

WADE	PINYÍN	VALOR FONÉTICO
Finais	Finais	Finais
o	ou	[ow]
ou	ou	[ow]
u	u	[u]
ua	ua	[wa]
uai	uai	[wai]
uan	uan	[wan]
ui	uei	[wei]
un	uen	[on]
ung	ong	[ong]
uo	uo	[wo]
ü	iu	[y]
üan	iuan	[iwan]
ueh	iue	[ie]
un	uen	[wen]
êrh	el	[e]

3.6. TRANSCRICIÓN DO ALFABETO XAPONÉS

A escritura xaponesa é unha mestura de ideogramas chineses e de caracteres fonético silábicos, tamén derivados do chinés, denominados *kana* e que constitúen dous silabarios: *hiragana* e *katakana*. Os ideogramas utilízanse para escribi-las palabras de orixe chinés, moi abundantes no vocabulario xaponés, os temas das palabras flexionadas xaponesas e unha maioría das palabras que non teñen flexión.

As terminacións gramaticais e as partículas escríbense en *hiragana* e os *katakana* empréganse para palabras estranxeiras e expresións familiares.

O goberno xaponés estableceu en 1937 un silabario romanizado, o Kunrei-siki, que é o que se adopta comunmente. É o que aquí se expón. Tamén está bastante difundido o sistema Hepburn. As formas que difiren con respecto ó Kunrei-siki van en cursiva debaixo das correspondentes.

KATAKANA

a	ka	sa	ta	na	ha	ma	ya	ra	wa	ga	za	da	ba	pa
i	ki	si	ti	ni	hi	mi		ri	wi	gi	zi	di	bi	pi
		<i>shi</i>	<i>chi</i>								<i>ji</i>			
u	ku	su	tu	nu	hu	mu	yu	ru		gu	zu	du	bu	pu
			<i>tsu</i>		<i>fu</i>									
e	ke	se	te	en	he	me	ye	re	we	ge	ze	de	be	pe
o	ko	so	to	no	ho	mo	yo	ro	wo	go	zo	do	bo	po

HIRAKANA

a	kya	sya	tya	nya	hya	mya	rya	gya	zya	bya	pya
		<i>sha</i>	<i>cha</i>						<i>ja</i>		
u	kyu	syu	tyu	nyu	hyu	myu	ryu	gyu	zyu	byu	pyu
		<i>shu</i>	<i>chu</i>						<i>ju</i>		
o	kyo	syo	tyo	nyo	hyo	myo	ryo	gyo	zyo	byo	pyo
		<i>sho</i>	<i>cho</i>						<i>jo</i>		

4. CONCLUSIÓNS

Con esta proposta de transcripción de alfabetos preténdese chama-la atención sobre dous aspectos da problemática discutida:

1) Que establecer unhas táboas de adaptación de distintos alfabetos non é unha tarefa imposible. Evidentemente, nesta proposta hai, de seguro, múltiples erros e eivas, comezando porque non sempre se puido discuti-lo tema con xente

que coñecese en profundidade as distintas linguas. Este parece evidente que deba ser un traballo de equipo.

2) A necesidade de adquirir unha tradición neste terreo que permita ter unhas regras propias e comúns para a prensa, os medios audiovisuais, o mundo editorial e, moitísimo máis importante, para a escola.

Finalmente, deberíase ter en conta que cada topónimo ten, en certa maneira, a súa historia. Isto vai esixir traballos menos xerais nos que se indiquen as propostas concretas para determinados topónimos. Exemplos deste tipo podemos atopar no libro de Fernández Salgado, *Os xentilicios e os topónimos do mundo*.

REFERENCIAS

- Agencia Efe (1987): *Manual de Español Urgente*, 4.^a ed., Cátedra, Madrid.
- Aguirre, Manuel (s.d.): *La escritura en el mundo. (Iniciación al estudio de las lenguas literarias)*, Librería Reliex, Madrid.
- Álvarez, R.; Monteagudo, H. & Regueira, X. L. (1991) [1986]: *Gramática Galega*, 5.^a ed., Galaxia, Vigo.
- Fernández Salgado, Benigno (1990): *Os xentilicios e os topónimos do mundo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Mettmann, Walter (1986) (ed.): *Alfonso X. Cantigas de Santa María*, 2 vols., Editorial Castalia, Madrid.
- Nueva Enciclopedia del Mundo* (1989): Voces «Alfabeto», «China», «Japón», tomo 1, Durvan, S. A. de Ediciones, Bilbao.
- Peryaube, Alain (1975): «La Réforme de l'écriture en Chine», *Tel Quel*, n.º 64, Éditions du Seuil, Paris.
- Pérez-Barreiro Nolla, F. (1982) (ed.): *Flores e Leña (Narracións chinesas contemporáneas)*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.